

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000033.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo o vindeiro **luns, día 31 de xullo de 2023, ás 10:00 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. PRORROGA DA COMISIÓN DE SERVIZOS DOS POSTOS DE ADMINISTRATIVO DO SERVIZO DE CULTURA TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA, AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO SERVIZO DE LICENZAS, AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN E ADMINISTRATIVO DA INTERVENCIÓN XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Secretario Xeral do Pleno, por substitución do Vicesecretario, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente na data que se indica á marxe, pola Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López.